



**Expediente núm.: 163/2016**

**Asunto: Convocatoria da Xunta de Goberno local**

**Acta da sesión: ORDINARIA**

**Día e hora da reunión: 1 DE XUÑO DE 2016, 14:00 HORAS.**

**Lugar de realización: DEPENDENCIAS DE ALCALDÍA**

**Asistentes: ALCALDE: PABLO JOSÉ TABOADA CAMOIRA, FERNANDO ALFREDO PENSADO BARBEIRA (CONCELLEIRO), VOGAL, MARÍA AURORA VILA AGRA (CONCELLEIRA), VOGAL, JOSÉ RAMÓN GARCÍA VÁZQUEZ (CONCELLEIRO), VOGAL; SECRETARIO-INTERVENTOR: IVAN PONTE MAHIA**

**Ausentes:**

## **ORDE DO DÍA**

- 1 Aprobación da acta da sesión anterior, sesión ordinaria do 18 de maio de 2016
- 2 Licenzas
- 3 Comunicacóns previas
- 4 Outros asuntos
- 5 Asuntos de urxencia
- 6 Rogos e preguntas

## **ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

### **ASISTENTES:**

ALCALDE: PABLO JOSÉ TABOADA CAMOIRA

#### **Tenentes de alcalde:**

DON FERNANDO ALFREDO PENSADO BARBEIRA (CONCELLEIRO), VOGAL

DONA MARÍA AURORA VILA AGRA (CONCELLEIRA), VOGAL

DON JOSÉ RAMÓN GARCÍA VÁZQUEZ (CONCELLEIRO), VOGAL

SECRETARIO-INTERVENTOR: IVAN PONTE MAHIA

En Palas de Rei, ás 14:00 HORAS do día 1 de xuño de 2016, reúnen nas dependencias da alcaldía da casa consistorial, baixo a presidencia de ALCALDE, PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA, co obxecto de celebrar unha sesión SESIÓN ORDINARIA, os tenentes de alcalde membros da Xunta de Goberno local, DON FERNANDO ALFREDO PENSADO BARBEIRA (CONCELLEIRO), VOGAL, DONA MARÍA AURORA VILA AGRA (CONCELLEIRA), VOGAL, DON JOSÉ RAMÓN GARCÍA VÁZQUEZ (CONCELLEIRO), VOGAL, con SECRETARIO-INTERVENTOR do Concello, IVAN PONTE MAHIA, e en presenza de SECRETARIO-INTERVENTOR, IVAN PONTE MAHIA. Xa que asiste o quórum legal para a súa celebración, declarouse aberta a sesión pola Presidencia e procedeuse a examinar os asuntos incluídos na orde do día, que se desenvolveron como se expresa a continuación:



## **1 Aprobación da acta da sesión anterior, sesión ordinaria do 18 de maio de 2016**

Sometida a aprobación a acta da sesión ordinaria do 18.05.2016 prodúcese o seguinte resultado:

§ A favor: Unanimidade dos membros presentes da Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, enténdese aprobada a acta da sesión ordinaria do 18.05.2016.

## **2 Licenzas**

### **Solicitud de licenza urbanística municipal para ampliación de granxa de galiñas poñedoras (campeiras), interesada por Carlos Parrado Louzao en nome e representación de Avícola Melidense, S.L.**

Visto escrito de solicitude e proxecto técnico que lle acompaña presentados por Carlos Parrado Louzao en nome e representación de Avícola Melidense, S.L., con residencia a efectos de notificación en rúa Codeseira, nº 35-3ºC, 15800 Melide, no que solicita licenza urbanística municipal para a realización de obras maiores de “ampliación de granxa de galiñas poñedoras (campeiras)” no lugar de Monte da Lagoa, na parroquia de Remonde, conforme ao proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Eladio Méndez Casal, Colexiado 685 do COITA A Coruña.

Vistos os informes técnicos emitidos en data do 17 de marzo, en data do 11 de abril de 2016, e en data do 26 de maio de 2016, que obran no expediente e dos cales se lle chegarán copias xunto co presente.

Vista a Resolución pola que se formula a declaración de Incidencia Ambiental de actividade de *ampliación de granxa para galiñas poñedoras (camperas)*, no lugar de Monte da Lagoa, na parroquia de Remonde, en Palas de Rei, emitida polo servizo de Calidade e Avaliación Ambiental, Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Delegación Territorial de Lugo, en data do 6 de maio de 2016, que obra no expediente e da cal se lle chegará copia xunto co presente.

Visto o informe xurídico emitido en data do 30 de maio de 2016, e que obra no expediente.

En uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 205/2015, do 15 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2015, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

Primeiro. Conceder a Avícola Melidense, S.L. a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do común ou de terceiro, licenza urbanística municipal para obras maiores



de “ampliación de granxa de galiñas poñedoras (campeiras)” no lugar de Monte da Lagoa, na parroquia de Remonde, conforme ao proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Eladio Méndez Casal, Colexiado 685 do COITA A Coruña.

Segundo. A actuación solicitada está sometida a Declaración de Incidencia Ambiental por estar incluída dentro do epígrafe 9.3.e) do catálogo de actividades sometidas a incidencia ambiental a Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, ao tratarse dunha explotación gandeira intensiva cunha capacidade entre 1000 e 40000 prazas de galiñas poñedoras, polo tanto supón unha modificación substancial da actividade preexistente conforme ó artigo 38 da mesma Lei. Por todo o antedito, esta Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros, acorda conceder a licenza municipal provisional para o inicio da actividade ou funcionamento do solicitado, debendo cumprir as medidas correctoras contidas no proxecto e na memoria presentados, así como as condicións ou medidas impostas a maiores (en negriña e cursiva) no corpo da resolución emitida polo servizo de Calidade e Avaliación Ambiental, Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Delegación Territorial de Lugo, en data do 6 de maio de 2016, especialmente aquelas que obrigan a eliminar adecuadamente as augas pluviais, depuración de augas residuais e estanquidade e baleirado correcto da fosa, lixiviacións procedentes da esterqueira, e augas residuais sanitarias, que obra no expediente e da cal que lle xuntará unha copia xunto co presente.

Terceiro. As obras comezaran no prazo de seis meses e rematarán no prazo de tres anos contados a partir da data de notificación deste Acordo. Transcorrido este prazo sen que se teña solicitado prórroga, este acordo non terá validez nin efecto.

Cuarto. Que se proceda ó cumprimento das prescricións xerais que figuran nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais de Palas de Rei, ao cumprimento das condicións recollidas nos informes técnicos, e ao cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto e na memoria presentados, así como as condicións ou medidas impostas a maiores (en negriña e cursiva) no corpo da resolución emitida polo servizo de Calidade e Avaliación Ambiental, Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, que obran no expediente e dos cales se lle trasladaran copias.

Quinto. Proceder á liquidación de dereitos e taxas que corresponde satisfacer polas obras a realizar e de acordo coa documentación presentada, e que ascenden a un total de cinco mil setecentos setenta e cinco euros con sesenta céntimos (5.775,60 €).

Sexto. Dar traslado dunha copia da liquidación ao interesado para que proceda ao abono do importe total a través de conta bancaria, previa notificación do acordo de concesión de licenza municipal de obras maiores.

Do que se lle da traslado para o seu coñecemento.

Recursos: Contra o acordo que antecede, que é definitivo en vía administrativa, poder optar por:

a).- Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición, ante a Xunta de



Goberno Local, dentro do prazo de un mes contado dende o día seguinte ó de notificación do presente Acordo.

No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (art. 116.2 da Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro), e o prazo para interpor dito recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso de Lugo, será de dous meses contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, si no fora expresa a resolución do recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado, e dicir, un mes (art. 46.4 da Lei 29/98 do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, en relación có artigo 116.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro).

b).- Interpor directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados deste o día seguinte o da notificación da presente resolución, de conformidade có establecido no art. 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo Reguladora de Xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo advírteselle que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

### **Solicitud de licenza urbanística municipal para rehabilitación de edificación para destinala a pensión turística e mesón, a pedimento de Carlos López Ayude e José Regueiro Pallares**

Visto escrito de solicitude e proxecto técnico que lle acompaña presentados por Carlos López Ayude e José Regueiro Pallares, con domicilio a efectos de notificación en Parque Empresarial, parcela 8, 15810 Arzúa, A Coruña, no que solicita autorización municipal para “rehabilitación de edificación para destinala a pensión turística e mesón”, situada no lugar de Os Valos, na parroquia de Lestedo, en Palas de Rei, conforme ao proxecto técnico redactado pola arquitecta María Alba López Barreiro.

Vistos os informes técnicos emitidos polo técnico municipal José Manuel Varela Martínez en data do 27 de outubro de 2015, e en data do 4 de maio de 2016, que obran no expediente e dos cales se lle chegarán copias xunto co presente.

Vista a resolución sobre unha intervención no Camiño de Santiago, emitida pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural sobre unha intervención dentro da delimitación da zona do ben de interese cultural do Camiño Francés, en data do 6



de abril de 2016, que obra no expediente e da cal se lle chegará copia xunto co presente.

Visto o informe xurídico emitido en data do 30 de maio de 2016, e que obra no expediente.

En uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 205/2015, do 15 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2015, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

Primeiro. Conceder a Carlos López Ayude e José Regueiro Pallares a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do común ou de terceiro, licenza urbanística municipal para “rehabilitación de edificación para destinala a pensión turística e mesón”, situada no lugar de Os Valos, na parroquia de Lestedo, en Palas de Rei, conforme ao proxecto técnico redactado pola arquitecta María Alba López Barreiro.

Segundo. As obras comezaran no prazo de seis meses e rematarán no prazo de tres anos contados a partir da data de notificación deste Acordo. Transcorrido este prazo sen que se teña solicitado prórroga, este acordo non terá validez nin efecto.

Terceiro. Que se proceda ao cumprimento das prescricións xerais que figuran nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Palas de Rei, das condicións sinaladas nos informes técnicos emitidos, e ao cumprimento das condicións impostas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural na súa resolución, presentando unha nova documentación técnica, acompañada de reportaxe fotográfica de detalle, das solucións aos condicionantes, que deberá ser remitida ao órgano competente en materia do Patrimonio Cultural, dos cales se lle chegarán copias xunto co presente.

Cuarto. Proceder á liquidación de dereitos e taxas que figuran no expediente, e proceder ao seu abono previa notificación do acordo de concesión da licenza, que ascenden a un total de catro mil trinta e dous euros con setenta céntimos (4.032,70 €).

Quinto. Dar traslado dunha copia da liquidación de dereitos aos interesados para que procedan ao abono do importe total a través de conta bancaria, previa notificación do acordo de concesión de licenza.

Do que se lle da traslado para o seu coñecemento.

Recursos: Contra o acordo que antecede, que é definitivo en vía administrativa, poder optar por:

a).- Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición, ante a Xunta de Goberno Local, dentro do prazo de un mes contado dende o día seguinte ó de notificación do presente Acordo.



No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (art. 116.2 da Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro), e o prazo para interpor dito recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso de Lugo, será de dous meses contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, si no fora expresa a resolución do recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado, e dicir, un mes (art. 46.4 da Lei 29/98 do 13 de novembro de 1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro).

b).- Interpor directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados deste o día seguinte o da notificación da presente resolución, de conformidade có establecido no art. 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo Reguladora de Xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo advírteselle que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

### **3 Comunicacions previas**

#### **Comunicación previa para obras menores de conservación ou retellado de cuberta dun pallar, a pedimento de María Concepción Vázquez García**

Vista a Comunicación Previa de actuacións menores para conservación ou retellado de cuberta dun pallar, situada no lugar de Cabana, na parroquia de Santiago de Cabana, dentro do termo municipal de Palas de Rei, presentada por María Concepción Vázquez García.

Acreditase no expediente ter aboado a taxa por expedición de licenza urbanística ou tramitación de expediente de comunicación previa para actuacións de obras menores, por un importe total de trinta e un euros con corenta e tres céntimos (31,43 euros), obra xustificante de pago ou ingreso de data do 21 de marzo de 2016.

Visto o expediente tramitado aos efectos, ao amparo da Lei 9/2013 do Emprendemento e da Competitividade económica de Galicia, Disposición Derradeira Terceira.

Tendo en conta a Ordenanza Municipal reguladora do procedemento das comunicacións previas para obras menores e actividades, publicada o seu texto íntegro, no Boletín Oficial da Provincia, BOP nº 216, do venres, 19 de setembro de 2014.



Tendo en conta do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, nos seus artigos 142.3. e 146.

Vistos os informes técnicos emitidos en data do 23 de marzo, e en data do 24 de maio de 2016, que obran no expediente e dos cales se lle chegarán copias xunto co presente.

Vista a resolución emitida pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, sobre unha intervención que afecta a un Ben incluído no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, unha Igrexa parroquial, emitida en data do 13 de maio de 2016, que obra no expediente e da cal se lle chegará copia xunto co presente.

En uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 205/2015, do 15 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2015, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

Primeiro. Toma de coñecemento por parte deste Concello ao expediente de Comunicación Previa de actuacións menores para conservación ou retellado de cuberta dun pallar, situado no lugar de Cabana, na parroquia de Santiago de Cabana, en Palas de Rei, e conforme coa documentación aportada ao expediente.

Segundo. Prestar conformidade ao expediente de Comunicación Previa inicial, de acordo co informe do técnico competente, podendo comezar as obras. Os servizos técnicos municipais poden, no seu caso, cursar visita de inspección, comprobación ou control en calquera momento cón fin de verificar a verosimilitude das obras coa documentación presentada no seu momento, en caso de que existan diferenzas entre a documentación técnica presentada e o efectivamente realizado, que supoña un cambio de réxime na concesión da autorización, procederase á paralización das obras, como medida preventiva, sen prexuízo das sancións que poidan recaer sobre o promotor, de acordo co disposto artigo 7 puntos 2, 3, da Ordenanza Municipal reguladora do procedemento das comunicacións previas para obras menores e actividades.

Terceiro. As obras deberán ser realizadas no prazo máximo de seis meses, dende a data de comunicación do presente. Transcorrido este prazo sen que as obras rematasen e antes da súa finalización, a persoa interesada ou promotor poderá solicitar prorrogas en prazo, non podendo superar o prazo inicialmente autorizado.

Cuarto. Que se proceda ó cumprimento das prescricións xerais que figuran nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais de Palas de Rei, ao cumprimento do recollido no informe técnico municipal, e ao cumprimento das condicións recollidas na resolución da Dirección Xeral do Patrimonio, dos cales se lle chegarán copias xunto co presente.

Quinto. A promotora está obrigada, artigo 7 punto 4 da Ordenanza Municipal arriba citada, a comunicar a finalización da obra ós efectos de proceder, no seu caso, á



liquidación definitiva do imposto ou taxa correspondente e coa finalidade de que se curse a visita de inspección ou comprobación polos servizos técnicos competentes, se así o estiman oportuno.

Sexto. Proceder á liquidación da cota do ICIO e taxas que corresponda segundo o orzamento presentado, e que ascenden a un total de dezasete euros con corenta e dous céntimos (17,42 €).

Sétimo. Dar traslado dunha copia da liquidación do ICIO á interesada para que proceda ao abono do importe total a través de conta bancaria, previa notificación do acordo de conformidade.

Do que se lle dá traslado para o seu coñecemento.

Recursos: Contra o acordo que antecede, que é definitivo en vía administrativa, poder optar por:

a).- Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición, ante a Xunta de Goberno Local, dentro do prazo de un mes contado dende o día seguinte ó de notificación do presente Acordo.

No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (art. 116.2 da Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro), e o prazo para interpor dito recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso de Lugo, será de dous meses contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, si no fora expresa a resolución do recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado, e dicir, un mes (art. 46.4 da Lei 29/98 do 13 de 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro).

b).- Interpor directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados deste o día seguinte o da notificación da presente resolución, de conformidade có establecido no art. 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo Reguladora de Xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo advírteselle que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

**Comunicación previa para obras menores de mantemento e rehabilitación de edificacións de uso agrícola existentes, a pedimento de José Luís Vázquez Cuíña**





Vista a Comunicación Previa de actuacións menores para mantemento e rehabilitación de edificacións de uso agrícola existentes, situadas no lugar de Bruzos, na parroquia de Carteira, dentro do termo municipal de Palas de Rei, presentada por José Luís Vázquez Cuíña.

Acreditase no expediente ter aboado a taxa por expedición de licenza urbanística ou tramitación de expediente de comunicación previa para actuacións de obras menores, por un importe total de trinta e un euros con corenta e tres céntimos (31,43 euros), obra xustificante de pago ou ingreso de data do 16 de maio de 2016.

Visto o expediente tramitado aos efectos, ao amparo da Lei 9/2013 do Emprendemento e da Competitividade económica de Galicia, Disposición Derradeira Terceira.

Tendo en conta a Ordenanza Municipal reguladora do procedemento das comunicacións previas para obras menores e actividades, publicada o seu texto íntegro, no Boletín Oficial da Provincia, BOP nº 216, do venres, 19 de setembro de 2014.

Tendo en conta do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, nos seus artigos 142.3. e 146.

Visto o informe técnico emitido en data do 18 de maio de 2016, que obra no expediente e do cal se lle chega unha copia xunto co presente.

En uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 205/2015, do 15 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2015, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

Primeiro. Toma de coñecemento por parte deste Concello ao expediente de Comunicación Previa de actuacións menores para mantemento e rehabilitación de edificacións de uso agrícola existentes, situadas no lugar de Bruzos, na parroquia de Carteira, en Palas de Rei, e conforme coa documentación aportada ao expediente.

Segundo. Prestar conformidade ao expediente de Comunicación Previa inicial, de acordo co informe do técnico competente, podendo comezar as obras. Os servizos técnicos municipais poden, no seu caso, cursar visita de inspección, comprobación ou control en calquera momento có fin de verificar a verosimilitude das obras coa documentación presentada no seu momento, en caso de que existan diferenzas entre a documentación técnica presentada e o efectivamente realizado, que supoña un cambio de réxime na concesión da autorización, procederáse á paralización das obras, como medida preventiva, sen prexuízo das sancións que poidan recaer sobre o promotor, de acordo co disposto artigo 7 puntos 2, 3, da Ordenanza Municipal reguladora do procedemento das comunicacións previas para obras menores e actividades.



Terceiro. As obras deberán ser realizadas no prazo máximo de seis meses, dende a data de comunicación do presente. Transcorrido este prazo sen que as obras rematasen e antes da súa finalización, a persoa interesada ou promotor poderá solicitar prorrogas en prazo, non podendo superar o prazo inicialmente autorizado.

Cuarto. Que se proceda ó cumprimento das prescricións xerais que figuran nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais de Palas de Rei, e ao cumprimento do recollido no informe técnico municipal, do cal se lle chegará copia xunto co presente.

Quinto. O promotor está obrigado, artigo 7 punto 4 da Ordenanza Municipal arriba citada, a comunicar a finalización da obra ós efectos de proceder, no seu caso, á liquidación definitiva do imposto ou taxa correspondente e coa finalidade de que se curse a visita de inspección ou comprobación polos servizos técnicos competentes, se así o estiman oportuno.

Sexto. Proceder á liquidación da cota do ICIO e taxas que corresponda segundo o orzamento presentado, e que ascenden a un total de corenta e catro euros (44,00 €).

Sétimo. Dar traslado dunha copia da liquidación do ICIO ao interesado para que proceda ao abono do importe total a través de conta bancaria, previa notificación do acordo de conformidade.

Do que se lle da traslado para o seu coñecemento.

Recursos: Contra o acordo que antecede, que é definitivo en vía administrativa, poder optar por:

a).- Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición, ante a Xunta de Goberno Local, dentro do prazo de un mes contado dende o día seguinte ó de notificación do presente Acordo.

No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (art. 116.2 da Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro), e o prazo para interpor dito recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso de Lugo, será de dous meses contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, si no fora expresa a resolución do recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado, e dicir, un mes (art. 46.4 da Lei 29/98 do 13 de 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro).

b).- Interpor directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do

---

### **Ayuntamiento de Palas de Rei**

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 Lugo. Tfno. 982380001. Fax: 982374015



contencioso de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados deste o día seguinte o da notificación da presente resolución, de conformidade có establecido no art. 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo Reguladora de Xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo advírteselle que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

**Comunicación previa para obras menores de acondicionamento de fachada e cuberta de edificio de vivendas, a pedimento de José Ramón Míguez Díaz en nome e representación de *Comunidade de Propietarios Rúa do Mercado nº 2***

Vista a Comunicación Previa de actuacións menores para acondicionamento de fachada e cuberta de edificio de vivendas situado en rúa do Mercado nº 2, en solo urbano de Palas de Rei, presentada por José Ramón Miguei Díaz en nome e representación de Comunidade de Propietarios Rúa do Mercado nº 2.

Acreditase no expediente ter aboado a taxa por expedición de licenza urbanística ou tramitación de expediente de comunicación previa para actuacións de obras menores, por un importe total de cento oitenta e catro euros con cincuenta e oito céntimos (184,58 euros), obra xustificante de pago ou ingreso de data do 29 de febreiro de 2016.

Visto o expediente tramitado aos efectos, ao amparo da Lei 9/2013 do Emprendemento e da Competitividade económica de Galicia, Disposición Derradeira Terceira.

Vista a Ordenanza Municipal reguladora do procedemento das comunicacións previas para obras menores e actividades, publicada o seu texto íntegro, no Boletín Oficial da Provincia, BOP nº 216, do venres, 19 de setembro de 2014.

Tendo en conta do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, nos seus artigos 142.3. e 146.

Vistos os informes técnicos emitidos en data do 2 de marzo, e en data do 26 de maio de 2016, que obran no expediente e dos cales se lle chegaran copias xunto co presente.

Vista a resolución sobre unha intervención no Camiño de Santiago Camiño Francés ao seu paso polo casco urbano de Palas de Rei, emitida pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural en data do 4 de abril de 2016, que obra no expediente e da cal se lle chegará copia xunto co presente.

En uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 205/2015, do 15



de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2015, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

Primeiro. Toma de coñecemento por parte deste Concello ao expediente de Comunicación Previa de actuacións menores para acondicionamento de fachada e de cuberta en edificio de vivendas existente, situado en rúa do Mercado nº 2, en Palas de Rei, e conforme coa documentación aportada ao expediente.

Segundo. Prestar conformidade ao expediente de Comunicación Previa inicial, de acordo co informe do técnico competente, podendo comezar as obras. Os servizos técnicos municipais poden, no seu caso, cursar visita de inspección, comprobación ou control en calquera momento có fin de verificar a verosimilitude das obras coa documentación presentada no seu momento, en caso de que existan diferenzas entre a documentación técnica presentada e o efectivamente realizado, que supoña un cambio de réxime na concesión da autorización, procederase á paralización das obras, como medida preventiva, sen prexuízo das sancións que poidan recaer sobre o promotor, de acordo co disposto artigo 7 puntos 2, 3, da Ordenanza Municipal reguladora do procedemento das comunicacións previas para obras menores e actividades.

Terceiro. As obras deberán ser realizadas no prazo máximo de seis meses, dende a data de comunicación do presente. Transcorrido este prazo sen que as obras rematasen e antes da súa finalización, a persoa interesada ou promotor poderá solicitar prorrogas en prazo, non podendo superar o prazo inicialmente autorizado.

Cuarto. Que se proceda ó cumprimento das prescricións xerais que figuran nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais de Palas de Rei, ao cumprimento do recollido nos informes técnicos municipais, e as condicións establecidas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural no punto catro da súa resolución, dos cales se lle chegarán copias xunto co presente.

Quinto. O promotor está obrigado, artigo 7 punto 4 da Ordenanza Municipal arriba citada, a comunicar a finalización da obra ós efectos de proceder, no seu caso, á liquidación definitiva do imposto ou taxa correspondente e coa finalidade de que se curse a visita de inspección ou comprobación polos servizos técnicos competentes, se así o estiman oportuno.

Sexto. Proceder á liquidación da cota do ICIO e taxas que corresponda segundo o orzamento presentado, e que ascenden a un total de catrocentos oitenta euros (480,00 €).

Sétimo. Dar traslado dunha copia da liquidación do ICIO ao interesado para que proceda ao abono do importe total a través de conta bancaria, previa notificación do acordo de conformidade.

Do que se lle da traslado para o seu coñecemento.

Recursos: Contra o acordo que antecede, que é definitivo en vía administrativa, poder optar por:

---

### **Ayuntamiento de Palas de Rei**

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 Lugo. Tfno. 982380001. Fax: 982374015



a).- Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición, ante a Xunta de Goberno Local, dentro do prazo de un mes contado dende o día seguinte ó de notificación do presente Acordo.

No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (art. 116.2 da Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro), e o prazo para interpor dito recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso de Lugo, será de dous meses contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, si no fora expresa a resolución do recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado, e dicir, un mes (art. 46.4 da Lei 29/98 do 13 de 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro).

b).- Interpor directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados deste o día seguinte o da notificación da presente resolución, de conformidade có establecido no art. 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo Reguladora de Xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo advírteselle que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

#### **4 Outros asuntos**

##### **Convocatoria para a contratación de persoal para o servizo de atención socio-sanitaria a persoas no domicilio**

Considerando o disposto no artigo 3.2 do Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro de medidas urxentes en materia presupostaria e financeira para a corrección do déficit público e o establecido polo artigo 23.dous da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013.

Considerando o disposto respecto do artigo antes mencionado na “circular interpretativa dos artigos 2, 3 e 4 do RD Lei 20/2011” emitida pola Dirección Xeral da Administración Local en data do 30 de xaneiro de 2012, así como na circular emitida en data 16 de abril de 2012 pola Subdirección Xeral de Relacións con outras Administracións do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Considerando os informes emitidos pola traballadora social dos servizos sociais de atención primaria deste Concello, nos cales comunica a finalización de contrato de catro traballadoras e a ampliación de horas (SAF dependencia 131 horas) concedidas ao citado servizo. Todo elo faría preciso contratación de persoal para seguir prestando o servizo con normalidade, e dar cobertura da ampliación en horas



de asistencia, vacacións de traballadores, e fin de semana.

Considerando a necesidade que o concello ten neste momento da contratación de cinco persoas para o servizo de axuda a domicilio, para dar cobertura ao servizo da semana, ampliación de asistencia, fins de semana e vacacións.

Considerando a memoria sobre a necesidade xustificativa da convocatoria de cinco postos de traballo para o servizo de axuda a domicilio a tempo completo, emitida en data do 25 de maio de 2016, e que obra no expediente.

Considerando as funcións xerais e cometidos propios contemplados no RD1379/2008, do 1 de agosto, sobre a atención socio-sanitaria a persoas no domicilio e a memoria sobre a necesidade xustificada da convocatoria do posto de dez persoas de axuda a domicilio.

Considerando o informe de secretaria-intervención, emitido en data do 30 de maio de 2016, e que obra no expediente.

En uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 205/2015, do 15 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2015, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

Declaración da necesidade e interese público da contratación de cinco persoas para o servizo de atención socio-sanitaria a persoas no domicilio a tempo completo, para dar cobertura e atención a todos os usuarios demandantes do servizo coa ampliación de horas de asistencia concedido, fins de semana e vacacións do persoal, e aprobación do proceso de selección.

### **Convocatoria de posto de traballo para a contratación de un socorrista e animador de actividades físicas e deportivas**

Considerando o disposto no artigo 3.2 do Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro de medidas urxentes en materia presupostaria e financeira para a corrección do déficit público e o establecido polo artigo 23.2 da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013.

Considerando o disposto respecto do artigo antes mencionado na “circular interpretativa dos artigos 2, 3 e 4 do RD Lei 20/2011” emitida pola Dirección Xeral da Administración Local en data do 30 de xaneiro de 2012, así como na circular emitida en data 16 de abril de 2012 pola Subdirección Xeral de Relacións con outras Administracións do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Vista la “Orde do 29 de decembro de 2015, da consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións



para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2016 (DOG Núm.248, de 30/12/2015; e a Orde do 19 de xaneiro de 2016 pola que se fan públicos os anexos da Orde do 29 de decembro de 2015 (DOG Núm.18, de 28/01/2016)”.

Considerando a necesidade que este concello ten durante a época estival do servizo de socorrismo e animación de actividades físicas e deportivas, para a apertura da piscina municipal, sendo obrigatorio dispor do persoal necesario para o correcto funcionamento do mesmo.

Considerando a memoria sobre a necesidade xustificativa da convocatoria de un posto de traballo de socorrista e animador de actividades físicas e deportivas, emitida en data do 25 de maio de 2016, e que obra no expediente.

Considerando o informe de secretaria-intervención, emitido en data do 30 de maio de 2016, e que obra no expediente.

Considerando o relacionado nos parágrafos anteriores, e en uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 205/2015, do 15 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2015, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

Declaración da necesidade e interese público da contratación de un socorrista e animador de actividades físicas e deportivas, para o servizo de socorrismo e animación de actividades físicas e deportivas na piscina municipal durante a época estival, e aprobación do proceso de selección.

### **Convocatoria de posto de traballo para a contratación de un/a técnico de educación infantil a xornada completa**

Considerando o disposto no artigo 3.2 do Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro de medidas urxentes en materia presupostaria e financeira para a corrección do déficit público e o establecido polo artigo 23.2 da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013.

Considerando o disposto respecto do artigo antes mencionado na “circular interpretativa dos artigos 2, 3 e 4 do RD Lei 20/2011” emitida pola Dirección Xeral da Administración Local en data do 30 de xaneiro de 2012, así como na circular emitida en data 16 de abril de 2012 pola Subdirección Xeral de Relacións con outras Administracións do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Considerando a necesidade que o concello ten nestes momentos da contratación de persoal de apoio para o servizo de Escola Infantil Municipal Gardería Municipal, para cubrir as vacacións estivais do persoal afecto ao servizo.



Considerando a memoria sobre a necesidade xustificativa da convocatoria do posto de traballo dun técnico de educación infantil a xornada completa, emitida en data do 25 de maio de 2016, e que obra no expediente.

Considerando o informe de secretaria-intervención, emitido en data do 30 de maio de 2016, e que obra no expediente.

Considerando o relacionado nos parágrafos anteriores, e en uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 205/2015, do 15 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2015, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

Declaración da necesidade e interese público da contratación dun técnico de educación infantil a xornada completa, para o servizo de Escola Infantil Municipal, para cubrir as vacacións do persoal que está prestando o servizo nestes momentos, e aprobación do proceso de selección.

**Convocatoria para a contratación de unha persoa en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Risga para a realización das obras ou servizos segundo as desagregacións que recolle a resolución da Consellería de Traballo e Benestar, peóns de limpeza, xestión de residuos municipais e limpeza viaria**

Considerando o disposto no artigo 3.2 do Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro de medidas urxentes en materia presupostaria e financeira para a corrección do déficit público e o establecido polo artigo 23.2 da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013.

Considerando o disposto respecto do artigo antes mencionado na “circular interpretativa dos artigos 2, 3 e 4 do RD Lei 20/2011” emitida pola Dirección Xeral da Administración Local en data do 30 de xaneiro de 2012, así como na circular emitida en data 16 de abril de 2012 pola Subdirección Xeral de Relacións con outras Administracións do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

De acordo coa Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA) no ano 2016.

De acordo coa resolución emitida pola Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, Expediente: TR351F 2016/20-2, a través da cal outorgan ao Concello de Palas de Rei unha subvención, para a contratación de unha persoa en situación ou risco de exclusión social perceptoras de RISGA para a realización das obras ou servizos segundo as desagregacións que figuran na resolución, xestión de residuos municipais e limpeza viaria.





Considerando a memoria sobre a necesidade xustificativa da convocatoria de un posto traballo de peón, para a xestión de residuos municipais e limpeza viaria, emitida en data do 25 de maio de 2016, e que obra no expediente.

Considerando o informe de secretaria-intervención, emitido en data do 30 de maio de 2016, e que obra no expediente

Considerando o relacionado nos parágrafos anteriores, e en uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 205/2015, do 15 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2015, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

Declaración da necesidade e interese público da contratación de unha persoa en situación ou risco de exclusión social perceptora de RISGA para a realización das obras ou servizos de peón en xestión de residuos municipais e limpeza viaria, e aprobación do proceso de selección.

## **5 Asuntos de urxencia**

**Convocatoria para a contratación de dez persoas para o proxecto denominado “Grupo de vixilancia ambiental”, para o cal foi concedida unha subvención a este Concello dentro da liña de subvencións de natureza competitiva, ao amparo da orde do 21 de decembro de 2015, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**

Considerando o disposto no artigo 3.2 do Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro de medidas urxentes en materia presupostaria e financeira para a corrección do déficit público e o establecido polo artigo 23.2 da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013.

Considerando o disposto respecto do artigo antes mencionado na “circular interpretativa dos artigos 2, 3 e 4 do RD Lei 20/2011” emitida pola Dirección Xeral da Administración Local en data do 30 de xaneiro de 2012, así como na circular emitida en data 16 de abril de 2012 pola Subdirección Xeral de Relacións con outras Administracións do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Considerando a Orde do 21 de decembro de 2015 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 246, do 28 de decembro), da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.



Considerando a Resolución emitida pola Dirección Xeral de Administración Local, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza, en data do 25 de Maio de 2016, a través da cal outorgan á entidade Agrupación dos Concellos de Palas de Rei e Melide, dentro da liña de subvencións de natureza competitiva contemplada no artigo 3.1.b) da Orde de convocatoria, para o proxecto denominado “Grupo de vixilancia ambiental”.

Considerando a memoria sobre a necesidade xustificativa da convocatoria de dez postos de traballo de peóns para a vixilancia ambiental a xornada completa, nos núcleos municipais de Palas de Rei, na provincial de Lugo, e de Melide, na provincial de A Coruña, emitida en data do 1 de xuño de 2016, e que obra no expediente.

Considerando o informe de secretaria-intervención, emitido en data do 1 de xuño de 2016, e que obra no expediente,

Considerando o relacionado nos parágrafos anteriores, e en uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 205/2015, do 15 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2015, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

Declaración da urxencia e interese público da contratación de dez persoas para os postos de traballo de peóns a xornada completa, para as tarefas adscritas ao proxecto denominado “Grupo de vixilancia ambiental”, e aprobación do proceso de selección.

## **6 Rogos e preguntas**

NON SE PRODUCIRON

Posto que non hai máis asuntos que tratar e se cumpre o obxecto do acto, PABLO JOSÉ TABOADA CAMOIRA, ALCALDE, levanta a sesión ás CATORCE HORAS E VINTE E CINCO MINUTOS, do que, como SECRETARIO-INTERVENTOR, dou fe.

V. e pr.

SECRETARIO-INTERVENTOR,

ALCALDE,

IVAN PONTE MAHIA

PABLO JOSÉ TABOADA CAMOIRA